

ALUMNOS CON ALTAS CAPACIDADES

Pequenos xenios con ganas de aprender

O seu descoñecemento leva a algúns pais a tratalo como un tema tabú. No actual curso escolar hai matriculados en Galicia máis de 500 alumnos con altas capacidades. Un

diagnóstico temperá pode alonxar ao menor do fracaso escolar, elaborando unha adaptación curricular que lle permita desenvolver programas de enriquecemento. Pero a es-


casa formación do profesorado pode levar a que estes programas queden incompletos ou non se realicen. Normalizar a situación e motivar ao alumno son algunhas das solucións.

VIGO | Ana Saá

Que teñen en común Leonardo da Vinci, Albert Einstein ou Truman Capote con medio milleiro de alumnos galegos? Aínda que a simple vista parece que non hai nada que os relacione, o certo é que todos eles teñen un coeficiente intelectual superior a 130, ou o que é o mesmo, son persoas superdotadas ou con altas capacidades.

A pesar de ter cada un deles as súas particularidades, estes nenos e nenas gardan unhas características comúns: pola súa natureza intelectual e cognitiva aprenden moi rápido, o que significa que con 4 anos teñen aprendizaxes propias de 7 anos; reflexionan sobre temas filosóficos ou abstractos, chegando a plantexarse temas como a morte ou a xustiza; aprenden a falar desde moi novos e empregan un vocabulario moi amplo; son autodidactas, precoces na lectura (comprensiva e moi desenvolvida dende moi pequenos) e na escritura (esa aprendizaxe adiantada pode levarlos a cometer faltas de ortografía e a mesturar maiúsculas e minúsculas); e son moi curiosos, inquietos e sempre están facendo preguntas.

“Existe o estereotipo de que teñen pouca relación con outros nenos, algo falso. Depende do carácter do neno, pero algúns deles son moi sociables”, explica Carmen Pomar, psicóloga e coordinadora técnica da Asociación de Altas Capacidades de Galicia (Asac). “Algúns non teñen amigos ou prefiren estar sós porque o que din os compañeiros da súa idade non se corresponde co



Cun coeficiente intelectual por riba dos 130 puntos, unha persoa é superdotada.

Motivación para evitar o fracaso escolar

Sempre que se fala de superdotados téndese a imaxinar persoas moi intelixentes, con numerosas carreiras e un futuro brillante. Pero lonxe diso, se non existe unha motivación e un traballo personalizado, estes alumnos poden incorrer con maior facilidade no fracaso escolar. “A familia e a sociedade teñen que adaptarse a eles, pero estes nenos tamén teñen que adaptarse ás normas da sociedade”, explica Carmen Pomar. “Hai que ofrecerlles coñecementos novos e cousas

que os motiven, pero tamén teñen que aprender a aburrirse, porque todos no noso día a día facemos cousas que nos gustan e outras que non”, engade. Por iso deben perseguir ese equilibrio.

Para acadar esa motivación é fundamental que non se vexan rexeitados. “Aos nenos con altas capacidades hai que telos en conta. Necesitan esa actitude de aceptación e comprensión para responder mellor”, afirma a psicóloga. “Algúns profesores sintense intimida-

dos pola súa intelixencia e esperan que sexan máquinas, pero esa conducta é incorrecta”, reconece.

Actividades atractivas a nivel intelectual e labores de comunicación son algunhas das accións que levan a cabo na asociación Asac. Traballan con eles habilidades sociais, estimulan aspectos socioemocionais e realizan obradoiros de arqueoloxía, música, cine ou escritura creativa para estimularlos, pero sen solapar o currículo escolar.

Tratalos como adultos ou como nenos?

Posúen unha intelixencia que non se corresponde coa súa idade e moitos pais teñen temor de non estar á altura. “Ao principio estás algo perdido porque non sabes como tratalo, pero con pautas de psicólogos e asesores técnicos aprendes as pautas para facelo”, asegura Ana Rivera, nai dunha nena con altas capacidades e membro directiva de Asac.

Cando os pais descubren que o seu fillo ten altas capacidades, unha das primeiras reaccións é a preocupación polo fracaso escolar. “Hai pais que se botan a chorar porque pensan que vai ser un problema, e outros son felices por ter un fillo superdotado”, comenta Carmen Pomar. “Hai que tranquilizalos e transmitirles serenidade. Outros pensan que economicamente non van poder soportalo porque pensan que necesitan un trato especial, e non é así”, engade.

E como teñen que tratalos? “Hai unha tendencia a facelos adultos de pequenos porque son maduros, pero é un erro, porque tamén lles gusta xogar”, manifesta Ana Rivera. Ás veces os propios pais tratan as altas capacidades coma un tema tabú. “Deben normalizar o tema e non ter medo a admitilo”, afirma a psicóloga.

Ás veces esíxeselles máis do que dan ao confundir superdotación e hiperactividade

seu nivel intelectual”, engade. Pero esas altas capacidades tamén están relacionadas co fracaso escolar se non hai unha detección temperá. “Non podemos caer no erro de confundilos con nenos hiperactivos”, afirma Carmen Pomar. “Hai que ser coidadosos coas identificacións precoces, por iso os test soen facerse aos seis anos, idade de madurez cerebral, para non crear expectativas excesivas e esixirles máis do que poden dar”, engade. No lado oposto están os diagnósticos tardíos. De feito, a Asac chegan nenos con 12 anos con problemas

de rendemento escolar “porque se pensaba que era un vago ao suspender algún curso por non estar motivados”, confirma Pomar.

Lento diagnóstico

No actual curso escolar están matriculados na comunidade galega 518 alumnos con altas capacidades (260 na provincia da Coruña, 39 en Lugo, 57 en Ourense e 162 en Pontevedra), segundo datos da Consellería de Educación. Pero existen aínda casos sen diagnosticar.

Desde que se desconfía que un neno pode ter altas capacidades ata que se fala co orientador do centro de ensino e se pide unha avaliación do equipo de orientación específica (hai un por provincia), poden pasar meses porque o servizo está desbordado. “Durante

ese tempo o neno non está recibindo a ensinanza axeitada”, comenta a psicóloga.

Cando se confirma que un neno ten altas capacidades, unha das medidas que se toma é a adaptación curricular do alumno, é dicir, aportarlle aprendizaxes que vaian máis alá do programa desa materia. Pero non sempre se cumpre polo déficit de coñecemento dos docentes para tratar estes casos. “A vontade é moi boa, e a pesar de que se toma a medida a nivel oficial, aos dous meses xa se abandona ou non chega sequera a darse porque non hai un seguimento”, reconece a coordinadora técnica de Asac.

Así, o principal problema está na falta de formación do profesorado. “Non é que non queiran facelo, pero non dispoñen de coñecementos suficientes, e o prexuízo é para

estes nenos”, matiza Carmen Pomar. Por este motivo, asegura que o fracaso escolar radica no abandono do sistema escolar en xeral perante alumnos con altas capacidades. Por iso, a Unidade de Estudo e Investigación en Superdotación da USC (na que está Carmen Pomar) ofrece asesoramento individual aos docentes que o soliciten. “Todos somos culpables, pero ás veces con intuición pódense facer grandes logros. A sensibilidade co neno é fundamental”, explica.

Adiantar un curso

Como o seu nivel cognitivo é superior á súa idade, un Real Decreto permite aos pais a posibilidade de incorporalos a un curso superior (o que se coñece como ‘aceleración’). Axúdalles ou prexudícalles? De-

pende de cada caso. “Ante esta posibilidade, non só se analizan os aspectos intelectuais, senón tamén os socioemocionais”, narra a coordinadora técnica de Asac. “Pode que o neno aprenda máis, pero hai que ter en conta a súa opinión xa que pode non querer cambiar de amigos ou porque ao ser máis pequeno é máis vulnerable ás burlas, e non merecen ese castigo”, engade.

Alcanzan rapidamente os coñecementos dese curso. “No caso da miña filla foi un acerto porque se atopou con compañeiras máis maduras cas da súa idade”, explica Ana Rivera, orientadora y nai dunha nena con altas capacidades. “Ese ano están ben, pero despois xa acadan o mesmo nivel que o resto e volven pedir máis, polo que é un parche e habería que buscar outro tipo de medidas”, engade.